



**Memoria Informe sobre proposta de modificación da relación de postos de traballo, referente ao proceso de funcionarización e clasificación de postos da Administración especial e da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.**

## Antecedentes

- **Primeiro. Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 15.02.2024 de funcionarización e clasificación por primeira vez de postos de traballo**

### Primeiro.1

Por Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 15 de febreiro de 2024, aprobouse a modificación da relación de postos de traballo referente ao proceso de **funcionarización** de postos de traballo de persoal laboral da Xunta de Galicia e **clasificación**, entre outros, na agrupación profesional do persoal funcionario, escalas de persoal de limpeza e cociña e recursos naturais e forestais, especialidade de persoal de recursos naturais e forestais, de persoal subalterno e de persoal de mantemento, subgrupo AP, da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (Dog Num. 38 do 22 de febrero)

Entre estes postos figuraba a **funcionarización** e **clasificación** do posto de **Peón/oa Forestal (grupo V categoría 10F) como de funcionario de nivel de complemento de destino 14, complemento específico 18 (+20,50 euros ano), da escala de persoal de limpeza e cociña e recursos naturais e forestais, especialidade de persoal de recursos naturais e forestais, subgrupo AP, da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia; posto con código MA.C99.40.301.32190.034 no centro de destino Instalacións de Conservación da Natureza-Piscifactoría Carballiño.**

Para esta clasificación de nivel de complemento de destino 14, complemento específico 18 (+20,50 euros ano), tívose en conta os seguintes complementos asociados ao posto:

CÓDIGO	DESCRIPCIÓN DOS PLUSES
B10	COMPLEMENTO SALARIAL DE SINGULARIDADE POR PERIGOSIDADE.
B11	COMPLEMENTO SALARIAL DE SINGULARIDADE POR TOXICIDADE.
B18	COMPLEMENTO SALARIAL DE SINGULARIDADE POR PENOSIDADE.



Este posto corresponde a unha praza non vacante, sendo o seu titular GRMP persoal laboral fixo que **ten reclasificada a categoría profesional como Oficial/a de segunda, grupo IV categoría 18, por sentenza número 643/2009 (autos 384/2009)** do Xulgado do Social número 2 de Ourense de data 30.09.2009

De acordo co Decreto 165/2019, do 26 de decembro, que establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia aos postos de **Oficial/a de segunda (...)** categoría profesional de persoal laboral do grupo IV categoría 18 **correspóndelle a equivalencia de funcionario o Corpo auxiliar de carácter técnico de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, escala auxiliar de mantemento (subgrupo C2)**

### Primeiro.2

Os postos de Oficial 2ª son postos **de persoal funcionario xa clasificados en anteriores relacións de postos de traballo** e responden, na actualidade, a dúas clasificacións en canto ao seu nivel de complemento de destino: **nivel 13 e con nivel 14 aqueles con horario especial.**

O centro de destino Instalacións de Conservación da Natureza-Piscifactoría Carballiño **non conta postos de Oficial 2ª clasificados en persoal funcionario, polo que habería que proceder a súa clasificación tendo en conta os complementos actuais asociados ao posto a modificar.**

### Primeiro.3

Por resolución do 15 de xullo de 2024, da comisión designada para xulgar o proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira do corpo auxiliar da Administración xeral e do corpo auxiliar de carácter técnico de Administración especial, subgrupo C2, do persoal laboral fixo de diversas categorías e postos pertencentes aos grupos IV e V, do V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, mediante o seu cambio de vínculo xurídico,convocado pola Resolución do 15 de decembro de 2023 (Diario Oficial de Galicia número 243, do 26 de decembro), douse publicidade a diversos acordos (DOG Núm. 144 do 26 de xullo)

Nesta resolución figura GRMP, entre as persoas aspirantes que **superaron o proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira.**



- **Segundo. Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 05.08.2024 de **funcionarización e clasificación por primeira vez** de postos de traballo**

### Segundo.1

Por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do **5 de agosto de 2024** aprobouse a modificación da relación de postos de traballo referente ao proceso de **funcionarización** de postos de traballo de persoal laboral da Xunta de Galicia e **clasificación**, entre outros, no corpo de axudantes de carácter facultativo de Administración especial (subgrupo C1) e no corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial (subgrupo C2), da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (Dog nº 160 do 21 de agosto).

Entre estes postos figuraba a **funcionarización e clasificación** do posto de **Oficial/a 2ª de Cociña (grupo IV categoría 5) como de funcionario de nivel 12 da escala auxiliar de cociña, subgrupo C2**, de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia; posto con código ED.C99.40.101.15150.001 no centro de destino CEIP Plurilingüe "Eladia Mariño" Cabanas.

Para esta clasificación de nivel 12 tívose en conta a ausencia de complementos asociados ao posto

Este posto corresponde a unha praza non vacante, ocupada por FGAR persoal laboral fixo que **ten reclasificada a categoría profesional a Oficial/a 1ª cociña, grupo III categoría 65, por sentenza número 229/2006 (autos 6/2006)** do Xulgado do social número 2 de Ferrol.

De acordo co Decreto 165/2019, do 26 de decembro, que establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia aos postos de **Oficial/a 1ª de cociña (...)** categoría profesional de persoal laboral do grupo III categoría 65 **correspóndelle a equivalencia de funcionario o Corpo de axudantes de carácter facultativo de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, escala técnica de cociña (subgrupo C1).**

### Segundo.2

O centro de destino CEIP Plurilingüe "Eladia Mariño" Cabanas **non conta con postos de Oficial 1ª de Cociña clasificados en persoal funcionario.**



### Segundo.3

Por Resolución do 15 de xullo de 2024, da comisión designada para xulgar o proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira do corpo administrativo da Administración xeral, subgrupo C1, e do corpo de técnicos de carácter facultativo de Administración especial, grupo B, do persoal laboral fixo de diversas categorías e postos pertencentes ao grupo III, do V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, mediante o seu cambio de vínculo xurídico, convocado pola Resolución do 15 de decembro de 2023 (Diario Oficial de Galicia número 243, do 26 de decembro), pola que se dá publicidade a diversos acordos. (DOG Núm. 144 do 26 de xullo)

Nesta resolución figura **FGAR**, entre as persoas aspirantes que **superaron o proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira**.

- **Terceiro. Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 05.08.2024 de funcionarización de postos de traballo xa clasificados**

### Terceiro.1

Por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 5 de agosto de 2024 aprobouse unha modificación das relacións de postos de traballo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG Núm. 160 do 21 de agosto).

Neste acordo aprobouse a **funcionarización** de postos de persoal laboral da Xunta de Galicia, entre outros, na **agrupación profesional do persoal funcionario, subgrupo AP**, da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Entre estes postos figuraba a **funcionarización** do posto de **Ordenanza (grupo V categoría 3) como funcionario Subalterno nivel 10 da agrupación profesional do persoal funcionario, subgrupo AP, da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia**; posto con código ED.C99.50.101.15001.031, no centro de destino da Biblioteca da Coruña).

**Os postos de Ordenanza da Biblioteca da Coruña foron funcionarizados e clasificados por primeira vez como postos de persoal Subalterno nivel 10 por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 24 de xuño de 2021** de traballo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo do persoal laboral da Xunta de Galicia (DOG núm. 120, do 25 de xuño, corrección de erros do DOG núm. 152, do 10 de agosto). Tratouse da primeira RPT de funcionarización e clasificación.

Para esta clasificación de nivel 10 tívose en conta os seguintes complementos asociados aos postos de Ordenza da Biblioteca da Coruña:



CÓDIGO	DESCRIPCIÓN DOS PLUSES
B14	COMPLEMENTO SALARIAL DE SINGULARIDADE DE ESPECIAL DEDICACIÓN.

A persoa laboral fixa titular deste posto de traballo, DPR, **ten reclasificada a categoría profesional como Auxiliar de arquivos e bibliotecas, grupo IV categoría 35, por sentenza núm. 20 (autos 590/2008)** do xulgado do social núm. 1 da Coruña de data 14.01.2009.

De acordo co Decreto 165/2019, do 26 de decembro, que establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia aos postos de **Auxiliar de arquivos e bibliotecas** da categoría profesional de persoal laboral do grupo IV categoría 35 **correspóndelle a equivalencia de funcionario o Corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, escala arquivos, bibliotecas e museos, especialidade arquivos e bibliotecas (subgrupo C2).**

### Terceiro.2

Os postos de Auxiliar de Arquivos e Bibliotecas da Biblioteca da Coruña coa observación horario especial (orixinarmente complemento salarial de singularidade de especial dedicación B14) **están clasificados como persoal funcionario de nivel 12 de complemento de destino e nivel 14 de complemento específico (\*)**

(\*) Por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 5 de agosto de 2024 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo referente ao proceso de **funcionarización** de postos de traballo de persoal laboral da Xunta de Galicia e **clasificación** no corpo administrativo da Administración xeral (subgrupo C1), corpo de técnicos de carácter facultativo de Administración especial (grupo B) e no corpo de axudantes de carácter facultativo de Administración especial (subgrupo C1); no corpo auxiliar da Administración xeral (subgrupo C2) e no corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial (subgrupo C2), da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG Núm. 160 do 21 de agosto)

### Terceiro.3

Por resolución do 15 de xullo de 2024, da comisión designada para xulgar o proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira do corpo auxiliar da Administración xeral e do corpo auxiliar de carácter técnico de Administración especial, subgrupo C2, do persoal laboral fixo de diversas categorías e postos pertencentes aos grupos IV e V, do V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, mediante o seu cambio de vínculo xurídico,convocado pola Resolución do 15 de decembro de 2023 (Diario Oficial de





Galicia número 243, do 26 de decembro), douse publicidade a diversos acordos (DOG Núm. 144 do 26 de xullo)

Nesta resolución figura **DPR**, entre as persoas aspirantes que superaron o proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira

En consecuencia, de conformidade co establecido no artigo 13.2.o) do Decreto 141/2024, do 27 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública (DOG núm. 101, do 27 de maio), esta Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal emite o seguinte, **Informe**

## INFORME

### Obxecto

#### Primeiro.

En **desenvolvemento dos procesos de funcionarización**, co obxecto de facer efectivo o dereito das persoas que superaron os correspondentes procesos, **ao cambio de vínculo xurídico e toma de posesión como funcionario de carreira**, resulta precisa a adopción das medidas necesarias para que poidan exercer ese dereito, unha vez acreditado o cumprimento dos requisitos esixidos correspondentes.

**Coa finalidade de facer efectivo este dereito á toma de posesión como persoal funcionario de carreira** da Comunidade Autónoma de Galicia das persoas recollidas nas resolucións do 15 de xullo de 2024, da comisión designada para xulgar o proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira **cómpre levar a cabo, salvo mellor criterio** indicado polas unidades afectadas así como do resultado da negociación coas organizacións sindicais, as seguintes modificacións:

- **Centro de destino:** **Instalacións de Conservación da Natureza-Piscifactoría Carballiño.**

#### Clasificación anterior:

CÓDIGO DE POSTO	POSTO	SUBGRUPO NIVEL	CORPO/ESCALA	ADSCR.ADMIN.	OBSERVACIÓNS
MA.C99.40.301.32190.034	PEÓN/OA FORESTAL	AP CD 14 CE 18 (+20,50 EUROS ANO) (**)	XELR (*)	AXG	

(\*) XELR: Xeral (escala de persoal de limpeza e cociña e recursos naturais e forestais, especialidade de persoal de recursos naturais e forestais)

(\*\*) Posto que como laboral tiña en orixe os complementos salariais B10 Perigosidade, B11 Toxicidade e B18 Penosidade.





### Nova clasificación:

CÓDIGO DE POSTO	POSTO	SUBGRUPO NIVEL	CORPO/ESCALA	ADSCR.ADMIN.	OBSERVACIÓNS
MA.C99.40.301.32190.034	OFICIAL 2ª	C2 CD 18-CE 19 (**)	EDT (*)	AXG	

(\*) EDT: Especial (escala auxiliar de mantemento)

(\*\*) Tendo en conta os complementos salariais que como laboral tiña en orixe: os complementos salariais B10 Perigosidade, B11 Toxicidade e B18 Penosidade.

- Centro de destino: **CEIP Plurilingüe "Eladia Mariño" Cabanas.**

### Clasificación anterior:

CÓDIGO DE POSTO	POSTO	SUBGRUPO NIVEL	CORPO/ESCALA	ADSCR.ADMIN.	OBSERVACIÓNS
ED.C99.40.101.15150.001	OFICIAL/A 2ª DE COCIÑA	C2 12	EDÑ (*)	AXG	XORNADA IRREGULAR

(\*) EDÑ: especial (escala de auxiliar de cociña)

### Nova clasificación:

CÓDIGO DE POSTO	POSTO	SUBGRUPO NIVEL	CORPO/ESCALA	ADSCR.ADMIN.	OBSERVACIÓNS
ED.C99.40.101.15150.001	OFICIAL/A 1ª COCIÑA	C1 14	ECÑ (*)	AXG	XORNADA IRREGULAR

(\*) ECÑ: Especial (escala técnica de cociña)

- Centro de destino: **Biblioteca da Coruña**

### Clasificación anterior:

CÓDIGO DE POSTO	POSTO	SUBGRUPO NIVEL	CORPO/ESCALA	ADSCR.ADMIN.	OBSERVACIÓNS
ED.C99.50.101.15001.031	SUBALTERNO	AP 10 (*)	AP	AXG	HORARIO ESPECIAL // XORNADA MAÑÁ OU TARDE

(\*\*) Posto que como laboral tiña en orixe o complemento salarial B14 Especial dedicación.

### Nova clasificación:

CÓDIGO DE POSTO	POSTO	SUBGRUPO NIVEL	CORPO/ESCALA	ADSCR.ADMIN.	OBSERVACIÓNS
ED.C99.50.101.15001.031	AUXILIAR DE ARQUIVOS E BIBLIOTECAS	C2 CD 12-CE 14 (**)	EDA1 (*)	AXG	HORARIO ESPECIAL // XORNADA MAÑÁ OU TARDE

(\*) EDA1: Especial (escala auxiliar de arquivos, bibliotecas e museos, especialidade de arquivos)

(\*\*) Tendo en conta o complemento salarial que como laboral tiña en orixe: complemento B14 Especial dedicación.



**Segundo.** Establécese, por primeira vez, unha clasificación de postos de traballo no corpo de axudantes de carácter facultativo (subgrupo C1), **escala técnica de cociña e no** corpo auxiliar de carácter técnico (subgrupo C2), **escala auxiliar de mantemento**, de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia; escalas e especialidades recollidas na Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia

- Clasificación de postos no **Corpo de axudantes de carácter facultativo de Administración especial** da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia; **escala técnica de cociña**; cos seguintes niveis:

SUBGRUPO	DENOMINACIÓN DO POSTO	COMPLEMENTOS (posto laboral)	NIVEIS: DESTINO E ESPECÍFICO (posto funcionario)	CENTRO DE DESTINO
C1	OFICIAL/A 1ª COCIÑA		CD 14	CEIP PLURILINGÜE "ELADIA MARIÑO" (CABANAS)

- Clasificación de postos no **Corpo auxiliar de carácter técnico de Administración especial** da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, **escala auxiliar de mantemento**; cos seguintes niveis:

SUBGRUPO	DENOMINACIÓN DO POSTO	COMPLEMENTOS (posto laboral)	NIVEIS: DESTINO E ESPECÍFICO (posto funcionario)	CENTRO DE DESTINO
C2	OFICIAL 2ª	B10 // B11 // B18	CD18 CE 19	INSTALACIÓNS CONSERVACIÓN DA NATUREZA - PISCIFACTORÍA CARBALLIÑO

### Terceiro. Toma de posesión. Cambio de vínculo xurídico

A toma de posesión como persoal funcionario de carreira, que implicará o cambio do seu vínculo xurídico coa Administración, figura prevista para o **1 de novembro de 2024**, por iso e co fin de que se cumpran os trámites oportunos, en canto á expedición das dilixencias de cesamento correspondentes, esta RPT entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Efectuarase con carácter definitivo no mesmo posto que se viñese ocupando como persoal laboral. Desde o momento da toma de posesión como persoal funcionario de carreira, seralle de plena aplicación para todos os efectos a normativa xeral en materia de función pública da Comunidade Autónoma. Aquel persoal que supere o correspondente proceso de funcionarización desde un destino con carácter provisional tomará posesión como persoal funcionario de carreira con ese carácter.

O persoal laboral fixo que supere o correspondente proceso de funcionarización, a partir da toma de posesión como funcionario de carreira, pasará a devindicar todas as súas retribucións conforme o sistema, conceptos e contías establecidos con carácter xeral para o persoal funcionario de carreira da Comunidade Autónoma.







O persoal que se manteña no mesmo posto de traballo obxecto de funcionarización garántenselle as retribucións brutas anuais fixas na súa contía e periódicas na súa devindicación, que estaba a percibir como laboral fixo, se estas fosen superiores ás que lle correspondan como persoal funcionario de carreira, mentres permaneza nese destino ou pase mediante calquera procedemento de mobilidade a un posto de traballo da mesma tipoloxía cun mesmo réxime de prestación de servizos e cuns complementos iguais na orixinaria clasificación laboral de que deriva.

Conforme o disposto na Lei 70/1978, do 26 de decembro, de recoñecemento de servizos previos na Administración pública, e na súa normativa de desenvolvemento, para os efectos do cómputo da antigüidade, recoñeceranse indistintamente a totalidade dos servizos prestados en calquera Administración pública.

O persoal que se funcionarice seguirá percibindo os trienios recoñecidos como persoal laboral fixo valorados na contía que corresponda ao corpo, grupo, escala ou especialidade do posto equivalente. O primeiro trienio que se perfeccione como funcionario non terá unha contía inferior ao que se percibiría como laboral.

O recoñecemento das contías a percibir polo concepto de antigüidade realizarase consonte ao establecido na Lei 70/1978, do 26 de decembro, de recoñecemento de servizos prestados na Administración Pública e na Orde do 19 de xaneiro de 2023 pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica para o ano 2023 (DOG núm. 14, do 20 de xaneiro) (corrección de erros DOG núm. 33, do 16 de febreiro); e farase aplicando aos mesmos o valor que corresponden ao corpo ou escala no que se produza o cambio do vínculo.

A diferenza de retribucións entre a condición de persoal funcionario e laboral farase efectiva mensualmente mediante un complemento persoal de funcionarización:

- Apartado a) **funcionarización – persoal**: comprende a diferenza de retribucións brutas anuais fixas na súa contía e periódicas na súa devindicación, percibidas como persoal laboral fixo, excluídos os complementos de antigüidade e demais complementos persoais, e as percibidas como persoal funcionario. Este complemento percibirase en 12 mensualidades. Este complemento non é compensable nin absorbible, salvo que se incrementen as retribucións complementarias deste persoal por algunha causa que non derive dos incrementos anuais que, con carácter xeral, establezan as correspondentes leis de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Apartado b) **funcionarización – antigüidade**: que recollerá a diferenza de retribucións entre a contía dos trienios recoñecidos como persoal laboral e a súa equivalencia como trienios do persoal funcionario. Este complemento percibirase en 14 mensualidades e non será compensable nin absorbible.





Coa adquisición da condición de persoal funcionario de carreira consolidarase a percepción do complemento da carreira profesional que tivese recoñecido.

A **consolidación do grao persoal** comezará no nivel mínimo do correspondente Corpo ou Escala de conformidade co disposto na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e no Decreto 93/1991 do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna.

## Conclusión

De conformidade co exposto, esta dirección xeral **INFORMA FAVORABLEMENTE a modificación da relación de postos de traballo, referente ao proceso de funcionarización e clasificación de postos da Administración especial e da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.**

Damos traslado do expediente á Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico e á Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio para a emisión dos preceptivos informes.

Incorporamos a este informe o anexo de RPT.

A directora xeral de Emprego Público e Administración de Persoal. Nuria Aguilar Vázquez

